



PROPOSICIÓN SOBRE A POSTA EN SERVIZO DAS MELLORAS DE DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS URBANAS VERTIDAS AO RÍO SAR

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O saneamento integral das augas residuais xeradas pola cidade é un dos principais retos pendentes que ten o concello de Santiago de Compostela, a pesar dos significativos avances dos últimos anos, para ir ampliando as infraestruturas hidráulicas na procura de darlle unha solución a un grave problema ambiental que está a comprometer fundamentalmente a calidade das augas do río Sar.

Entre as principais actuacións desenvolvidas nos últimos anos atópanse o colector do río Sar e a mellora do tratamento da EDAR da Silvouta, dúas obras que en conxunto superan os 30 millóns de euros de investimento e que, a pesar de estar rematadas, non coñecemos se foron recibidas polo Concello e actualmente non están a prestar o servizo para o que foron executadas.

Durante dúas décadas leváronse a cabo gran cantidade de obras para o saneamento integral de Santiago, canalizando as augas das diferentes zonas para dirixilas conxuntamente á estación depuradora existente, unhas actuacións que culminaron coa construción do interceptor xeral do río Sar entre Pontepedriña e a EDAR da Silvouta, e as conexións dos colectores interceptores que foi iniciada na primavera de 2015 e cuxas obras xa remataron.

Da magnitude das obras executadas dan conta os máis de 18 kms de tubaxes do interceptor e dos colectores construídos entre a Ponte de San Lázaro e A Silvouta, que permiten evacuar cara a EDAR as augas dunha bacía cunha superficie de máis de 7.000 hectáreas brutas.

Para completar o saneamento era preciso tamén mellorar a capacidade depuradora da estación de tratamento da Silvouta, incapaz de facerlle fronte á cantidade de augas achegadas polas novas conducións. Por iso, e mentres non se constrúe a nova EDAR no Souto, decidiuse mellorar a capacidade de tratamento da existente, cun proxecto de "Adecuación de vertido da EDAR da Silvouta", executado en virtude dun convenio suscrito en agosto de 2014, para aumentar nun 30% o caudal diario tratado nesta instalación. Con esta obra, xunto coa entrada en servizo dos colectores e do interceptor, a cidade tería que ver mellorada de forma moi notable a calidade do seu saneamento, aliviando en boa medida a presión contaminante que soporta o río Sar.

Pero acontece que, para que estas actuacións realizadas pola Administración do Estado - a través da Confederación Hidrográfica Miño Sil, unha, e de ACUAES a outra- se poidan poñer en servizo, é preciso proceder á recepción das obras por parte do Concello e formalizar unha encomenda de xestión sobre a totalidade das obras executadas.

A pesar de que xa hai varios meses que as obras remataron este trámite aínda non foi materializado, impedindo con iso a posta en servizo destas infraestruturas de gran importancia para a mellora ambiental do noso concello.

En consecuencia, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa consideración por parte do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

1.- Formalizar á maior brevidade posible a encomenda de xestión das obras realizadas pola Administración do Estado para a mellora do saneamento do concello de Santiago (colectores, interceptor e adecuación de vertido na EDAR da Silvouta) para poñelas en servizo e contribuír con iso á mellora da calidade ambiental do río Sar.

2.- Solicitar do Ministerio competente e da Xunta de Galicia a axilización do convenio para a execución da nova EDAR do Souto.

Santiago de Compostela, a 6 de setembro de 2016.



Teresa Gutiérrez López
Concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela